Acacia melanoxylon R. Br., 1813

- acacia negra, oliveira australiana, mimosa moura, pan de espiño
- acacia negra, a. australiana, a. de madera negra
- arkazia beltza
- acàcia de fusta negra
- black acacia
- acácia negra, acácia da austrália



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Fabales**	**Fabaceae**	***Acacia***

ORIXE

Australia (leste) e Tasmania.

CARACTERÍSTICAS

Árbore perennifolia de ata 20-40 m, fuste recto, codia gris escura e agretada. Copa densa e estendida. As follas nos adultos son filodios de elípticos a lanceolados, agrisados ou verde denegrido, con 3-7 veas lonxitudinais prominentes. Os xuvenís poden ter follas bipinnadas. Flores pequenas, amarelas pálidas, reunidas en inflorescencias globosas (cabezolas). Os froitos son legumes planos, pardo-vermellos, retortos, que conteñen sementes negras, brillantes e elipsoidais.

HÁBITAT

Bosques húmidos e esclerófilos, medrando en sotobosques e zonas costeiras, preferindo climas temperados, solos ricos en materia orgánica e ben drenados, a miúdo ácidos, sobre substratos silíceos. Adáptase a diferentes altitudes.

DISTRIBUCIÓN

Australia e Tasmania. Introduciuse en moitas rexións temperadas do mundo como Europa, América e África, volvéndose decote invasora debido ao seu rápido crecemento.

CURIOSIDADES

Considérase unha especie exótica invasora debido á súa facilidade para expandirse por sementes e brotes de raíces, especialmente tras incendios, desprazando especies autóctonas.